



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

**ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E OS SINDICATOS PARA A
MODERNIZACIÓN E MELLORA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN
GALICIA**

PREÁMBULO

De conformidade co previsto no artigo 103.3 da Constitución española e en sintonía coa Lei orgánica 11/1985 de liberdade sindical, a Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas regula a negociación colectiva dos funcionarios públicos. Neste marco, atendendo as previsións específicas do Libro VI da Lei orgánica do Poder Xudicial —na redacción dada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro—, desenvólvese a negociación colectiva e a participación na determinación das condicións de traballo dos funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia, que a Xunta de Galicia —no exercicio das competencias sobre este persoal transferidas á Comunidade Autónoma polo Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro— desexa impulsar para acadar a maior e máis intensa participación dos representantes dos funcionarios nas medidas de mellora do servizo público da Xustiza.

En particular, o proceso de reforma que levará a implantación do novo modelo de oficina xudicial require potenciar os foros de diálogo que permitan establecer unha relación equilibrada, na que os traballadores sexan recoñecidos pola importancia da súa labor ao servizo do cidadán e se lles garantan unhas condicións de traballo satisfactorias, e á súa vez, o cidadán perciba que as súas expectativas de normalización lingüística, transparencia, accesibilidade, axilidade, calidade e atención adecuada se cumpren.

Con esta finalidade, logo do proceso de negociación no ámbito da Mesa Sectorial da Administración de Xustiza, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as organizacións sindicais máis representativas UGT, CIG, CC.OO, CSI-CSIF e SPJ-USO,

ACORDAN:

CAPÍTULO I. ÁMBITO DO ACORDO.

O ámbito deste acordo comprende o persoal ao servizo da Administración de Xustiza dependente da Comunidade Autónoma de Galicia: funcionarios dos corpos de médicos forenses, xestores procesuais e administrativos, tramitadores procesuais e administrativos e auxilio xudicial con destino en órganos xudiciais, fiscalías, rexistros civís, instituto de medicina legal e oficinas xudiciais da comunidade autónoma galega.



Tamén comprende o persoal interino que preste servizos en postos reservados a estes corpos de funcionarios.

CAPÍTULO II. CONDICIÓN DE TRABALLO.

1. Administración e sindicatos consideran que o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos cidadáns esixe a implicación do persoal da Administración de Xustiza no eido da normalización lingüística. Este compromiso da organización coa normalización lingüística debe reflectirse, non só na consideración dos coñecementos lingüísticos como mérito para a provisión dos postos de traballo, senón na previsión destes coñecementos na relación de postos de traballo en relación con aqueles postos (os singularizados) que admitan o establecemento de *requisitos* diferentes á pertenza a un corpo de funcionarios.

2. Así mesmo, a modernización da organización require unha implicación efectiva dos funcionarios na utilización das novas tecnoloxías. Implicación que debe fomentarse a través da previsión da figura do monitor de Informática, prevista no Pacto de Estado para a Reforma da Xustiza, como posto singularizado atendido por funcionarios expertos da Administración de Xustiza, sen prexuízo da presenza de persoal informático dependente da Xunta de Galicia.

3. Ademais, a Administración considera que a atención adecuada ao cidadán, esixe a identificación dos funcionarios que traballan cara ao cidadán e o desenvolvemento de actuacións divulgativas, formativas e normativas para a mellora da relación cos usuarios da organización.

4. O compromiso da Xunta de Galicia coa satisfacción da demanda da cidadanía de que os servizos públicos sexan cada vez máis accesibles afecta tamén o ámbito da Administración de Xustiza, e require medidas concretas de ampliación do tempo de apertura das oficinas xudiciais. En concreto, como obxectivos para 2006 establécense os seguintes:

a) Ampliación do horario de atención ao público que, con carácter xeral, será de 9 a 14,30 horas.

b) Apertura das oficinas dos rexistros civís das cidades en horario de mañá e tarde de 9 a 18 horas, con participación voluntaria e incentivada dos empregados públicos.



c) Por outra banda, a homoxeneización da xornada destes funcionarios en relación coa do persoal laboral da Xunta que traballa nos edificios xudiciais contribuirá a facilitar unha xestión máis eficiente e segura dos edificios xudiciais. Esta finalidade ten a fixación das 8,00 horas como tempo de inicio para o cumprimento do horario flexible, así como a exclusión dos sábados para o cumprimento voluntario do tempo flexible.

5. Debe avanzarse no establecemento de sistemas de mellora da xestión en materia de recursos humanos, entre eles, os relativos aos sistemas automatizados de control horario, respecto dos que a Administración prevé a próxima implementación de sistemas informatizados para a xestión nesta materia.

6) Comprometida coa incorporación de sistemas de xestión de calidade, a Administración considera un obxectivo irrenunciable a definición, para o exercicio de 2007, dos obxectivos de cada unidade da oficina xudicial ou cada servizo da Administración de Xustiza. A introdución destas medidas beneficiará as condicións de traballo dos funcionarios, coma tamén as expectativas dos cidadáns respecto do funcionamento eficiente deste servizo público.

Para conseguir este obxectivo Administración e sindicatos negociarán dentro do segundo semestre os obxectivos anuais de cada unidade da oficina xudicial, así como os criterios para repartir a masa salarial que se destinará en 2008 para produtividade.

CAPÍTULO III. COMPLEMENTO ESPECÍFICO DOS POSTOS XENÉRICOS

Dentro do contexto da implantación da nova oficina xudicial en Galicia, Administración e sindicatos están implicados no proceso negociador que debe conducir á elaboración da primeira relación de postos de traballo na Administración de Xustiza en Galicia. Este proceso, no que os funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza teñen importantes expectativas de mellora das condicións de traballo e de potenciación da súa cualificación técnica e da súa responsabilidade, no que poderes públicos e dos cidadáns esperan unha efectiva mellora no funcionamento das oficinas xudiciais, precisa da introdución de elementos clarificadores que faciliten o avance do proceso de elaboración das relación de postos de traballo.

Neste sentido, a definición dos complementos específicos dos postos xenéricos delimita a previsión económica que Administración e organizacións sindicais deben realizar para a implementación da RPT. Deste xeito só será preciso establecer a través da negociación os complementos específicos dos postos singularizados.



Con esta finalidade Administración e sindicatos acordan:

1. No caso de implantación da relación de postos de traballo durante o período de vixencia deste acordo o complemento específico, en cómputo mensual, dos postos xenéricos de médico forense, xestor procesual e administrativo, tramitador procesual e administrativo e auxilio xudicial serán as cantidades que aparecen nos puntos 1) e 2) do capítulo seguinte deste acordo. Nos destinos previstos no artigo 8.2 do Real decreto 1909/2000, do 24 de novembro (BOE do 30-11-2000), engadiranse as cantidades que actualmente se están a percibir por aplicación deste artigo.
2. Respecto da negociación económica dos complementos específicos dos postos, unicamente queda pendente de negociar entre Administración e sindicatos o complemento específico dos postos singularizados.

CAPÍTULO IV. COMPLEMENTO TRANSITORIO AUTONÓMICO E MASA SALARIAL DESTINADA A PRODUTIVIDADE

1) En aplicación do artigo 12 do Real decreto 1909/2000, como programa de actuación para acadar os obxectivos antes mencionados, os funcionarios dos corpos de médicos forenses, xestores e tramitadores procesuais e administrativos e auxilio xudicial que presten servizos na Administración de Xustiza en Galicia, percibirán en concepto de *complemento autonómico transitorio*:

1.- No período comprendido entre xaneiro do ano 2006 ata xuño do ano 2006, ambos inclusive, a cantidade de 205 € mensuais.

2.- No período comprendido entre xullo do ano 2006 ata decembro do ano 2006, ambos inclusive, a cantidade de 210 € mensuais.

3.- No período comprendido entre xaneiro do ano 2007 ata xuño do ano 2007, ambos inclusive, a cantidade de 225 € mensuais

4.- No período comprendido entre xullo do ano 2007 e decembro do ano 2007, ambos inclusive, a cantidade de 265 € mensuais .

5.- No período comprendido entre xaneiro do ano 2008 ata xuño do ano 2008, ambos inclusive, a cantidade de 275 € mensuais.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

6. No período comprendido entre xullo do ano 2008 ata decembro do ano 2008, ambos inclusive, a cantidade de 300 € mensuais.

2) Como excepción ao previsto no apartado anterior, en aplicación do artigo 12 do Real decreto 1909/2000, como programa de actuación para acadar os obxectivos antes mencionados, os funcionarios dos corpos de xestores e tramitadores procesuais e administrativos e auxilio xudicial que presten servizos en xulgados de instrución ou xulgados de primeira instancia e instrución das cidades da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo con competencia en materia de violencia sobre a muller, percibirán en concepto de *complemento autonómico transitorio*:

1.- No período comprendido entre xaneiro do ano 2006 ata xuño do ano 2006, ambos inclusive, a cantidade de 225 € mensuais .

2.- No período comprendido entre xullo do ano 2006 ata decembro do ano 2006, ambos inclusive, a cantidade de 230 € mensuais.

3.- No período comprendido entre xaneiro do ano 2007 ata xuño do ano 2007, ambos inclusive, a cantidade de 245 € mensuais.

4.- No período comprendido entre xullo do ano 2007 e decembro do ano 2007, ambos inclusive, a cantidade de 285 € mensuais .

5.- No período comprendido entre xaneiro do ano 2008 ata xuño do ano 2008, ambos inclusive, a cantidade de 295 € mensuais.

6. No período comprendido entre xullo do ano 2008 ata decembro do ano 2008, ambos inclusive, a cantidade de 320 € mensuais.

Así mesmo, a Xunta de Galicia estudará, se o permiten as dispoñibilidades orzamentarias, estender estas cantidades a outros xulgados de primeira instancia e instrución con competencia en materia de violencia de xénero, en función da carga de traballo nesta materia.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

3) O dereito á percepción económica das cantidades anteriores, ou da parte proporcional no caso de redución de xornada, será mensual na nómina do funcionario, segundo o réxime previsto para o complemento específico, deixando de percibirse nas situacións previstas legalmente respecto do complemento específico dos postos.

4) Ademais das cantidades previstas anteriormente, aplicarase un sistema de retribución por produtividade, ligado ao cumprimento de obxectivos, ao que se destinarán, con carácter lineal, as seguintes masas salariais:

1º Semestre de 2008: 284.280 € (equivalente a 20 € por funcionario mes durante este semestre).

2º. Semestre de 2008: 284.280 € (equivalente a 20 € por funcionario mes durante este semestre).

CAPÍTULO V. VIXENCIA DO ACORDO

O presente acordo publicarase no «Diario Oficial de Galicia» e terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2008. Porén, o previsto nos apartados 1), 2) e 3) do capítulo IV terá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2006.

CAPÍTULO VI. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase unha Comisión de seguimento formada por un membro de cada organización sindical asinante do Acordo, podendo ter cada un deles o correspondente substituto, e un número igual de representantes da Administración, con funcións de información, interpretación, seguimento e asesoramento no que atinxe á aplicación.

CAPÍTULO VII. EXECUCIÓN DO ACORDO

A Xunta de Galicia promoverá as medidas necesarias para a execución do previsto no presente acordo, primeiramente, a través da aprobación de programas de actuación previstos no artigo 12 do Real decreto 1909/2000, do 24 de novembro, e posteriormente, a través da fixación dos complementos específicos na nova relación de postos de traballo da Administración de Xustiza.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

As organizacións sindicais asinantes garanten a realización das accións necesarias de difusión e concienciación que conduzan ao cumprimento das previsións contidas no mesmo e, en particular, das instrucións sobre control horario.

Santiago de Compostela, 29 de maio de dos mil seis.

POLA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA,
O Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,

Asdo: José Luis Méndez Romeu

POLAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS ASINANTES,

UGT

Asdo: Pedro Galán Horro

CIG

Asdo: Delmiro Durán Garrido

CCOO

Asdo: Pablo Valeiras Rios

CSIF-CSIF

Asdo.- Manuel Diaz Mato

SPJ-USO

Asdo: Manuel Pena Rivadulla